



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



ACTA DE RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN SOBRE CANDIDATURAS PROVISIONAIS

En base as reclamacións achegadas o correo da Presidencia da Xunta Electoral presentadas por:

- D. Manuel Mouzo Méndez, DNI: 8401-Q
- D. David Criado Taboada, DNI: 8615-M
- D. Bienvenido Beivi Barrientos Santos, DNI: 7343-J

Sendo as reclamacións das persoas físicas (copiadas das propias reclamacións):

D. Manuel Mouzo Méndez:

-ENTIDADES DEPORTIVAS.

No listado provisional de entidades candidatas a membros da Asemblea Xeral da FGPeC, aparece o CM de San Amaro C-00051 na especialidade de MAR COSTA. Por tanto, no censo electoral definitivo está incluído na especialidade OUTROS. Motivo polo que entendo incumpre os requisitos para poder estar entre os candidatos definitivos.

Seguindo nese mesmo listado provisional, entidades deportivas, aparece APD Róbalo C-07618, na especialidade de MAR COSTA, non obstante, esa entidade non aparece no censo definitivo de clubs e entidades deportivas. A que si aparece é SPD Róbalo C-00980, incluída na especialidade OUTROS. Non coincidindo nin o nome nin o número de rexistro da entidade co que figura oficialmente na Xunta. Polo tanto, entendo que non cumpre os requisitos para figurar no listado definitivo de candidatos á asemblea Xeral da FGPeC.

-LISTA DE CANDIDATOS PROVISIONAIS DEPORTISTAS.

Na relación de candidatos da circunscrición electoral da Coruña, aparece o deportista Roberto Rioboo Pardo pola especialidade de MAR COSTA, non obstante, no censo definitivo de deportistas pola circunscrición electoral da Coruña, ese mesmo deportista aparece na modalidade de OUTROS. Por esta razón entendo que non cumpre os requisitos para figurar no censo definitivo de candidatos á asemblea xeral da FGPeC.



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



-LISTA DE CANDIDATOS PROVISIONAIS XUÍCES.

O regulamento electoral establece que: “As persoas membros da federación que pertencen a dous ou máis estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles, mediante escrito dirixido á xunta electoral que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo provisional. O criterio para identificar os electores nun único estamento, no caso de non exercer a opción individual, serán, por esta orde: Estar no censo de Entidades Deportivas e Deportistas ou Xuíces, computa Entidades Deportivas. **Estar no censo de Deportistas e Xuíces prevalece o censo de Deportista.**”

Na lista de candidatos provisionais a membros da Asemblea como xuíces, aparecen, entre outros:

Adrián Naveira de la Cal.

Agustín Martínez Negreira.

Bienvenido Barrientos Santos.

Por tanto, estes tres candidatos figuran tamén no censo definitivo de deportistas pola circunscrición electoral da Coruña. Tendo presente que o propio Regulamento Electoral establece que o criterio para identificar aos electores nun único estamento, no caso de non exercer a opción individual, cousa que na páxina de Elección 2026 non consta, o censo que prevalece é o de deportistas. Por esta razón entendo que estas persoas que non deben pasar a formar parte da lista de candidatos definitivos á asemblea xeral polo estamento de xuíces.

D. David Criado Taboada:

No listado provisional de deportistas candidatos a membros da Asemblea Xeral da FGPeC, entre os candidatos provisionais polo estamento de deportistas da provincia de Lugo, aparece D. Alejandro Pérez Trebolle, *1147-S, na



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpsca.org
federación@fgpesca.org



especialidade de SALMÓNIDOS.

No censo electoral definitivo de entidades deportivas publicado, figura D. Alejandro Pérez Trebolle como representante legal do club RIO NEIRA, C14215.

Segundo o imposto no Regulamento Electoral 2026, "Artigo 6. Das persoas electoras e elixibles á Asemblea Xeral.

"3. As persoas membros da federación que pertencen a dous ou máis estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles, mediante escrito dirixido á xunta electoral que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo provisional. O criterio para identificar os electores nun único estamento, no caso de non exercer a opción individual, serán, por esta orde: **Estar no censo de Entidades Deportivas e Deportistas ou Xuíces, computa Entidades Deportivas.** Estar no censo de Deportistas e Xuíces prevalece o censo de Deportista. O criterio para identificar os electores nunha especialidade, no caso de non exercer a opción individual, será: En primeiro lugar o maior número de participacións do elector nunha especialidade. En segundo, no caso de idéntico número de participacións, o maior número de participacións da entidade na que está afiliado nunha especialidade."

Tendo presente que o propio Regulamento Electoral establece que o criterio para identificar aos electores nun único estamento, no caso de non exercer a opción individual (cousa que na páxina de Eleccións 2026 non consta), o censo que prevalece é o de Entidades Deportivas. Por esta razón entendo que esta persoa non debe pasar a formar parte da lista de candidatos definitivos á asemblea xeral polo estamento de deportistas, ao non corresponderlle formar parte de ese estamento, senón unicamente ao de Entidades Deportivas como representante do club RIO NEIRA.

Por todo o que precede SOLICITO;

A exclusión da candidatura de D. Alejandro Pérez Trebolle, *1147-S, das candidaturas definitivas a membros da Asemblea Xeral da FGPeC xa que incumpre os requisitos establecidos polo Regulamento Electoral para ser candidato polo estamento de deportistas.



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



D. Bienvenido Beivi Barrientos Santos:

1. De la Candidatura de Clubes:

- Donde dice: O Capote C-07618 MAR COSTA Carlos Bermúdez Barros 4345-S
- Debe decir: O Capote C-07618 MAR COSTA Javier Longueira Freire 3459-M

2. De la candidatura de Deportistas:

-Independientemente de la condición de DGAN de los deportistas Carlos Bermúdez Barros, José Antonio Naveira Martínez y de Pablo Raúl Camera Martínez. Se informa que su candidatura se ha presentado para el estamento de Deportistas Mar Costa no para el de Deportistas DGAN.

3. De la candidatura No Admitida:

-Se informa que el deportista José Gayoso Estevez, si figura en el censo definitivo (se adjunta censo resaltando nombre) y su solicitud fue remitida por este Club para el estamento de Deportistas Outros, tal como se refleja en el censo. Cumpliendo las condiciones de para ser elegido.

Resolvo reclamacións:

D. Manuel Mouzo Méndez:

- **ENTIDADES DEPORTIVAS:**

- **San Amaro:** Debido a un erro informático imputable á miña persoa, a especialidade do club foi consignada de maneira incorrecta na candidatura provisional no estamento de clubes e sociedades. Procedeuse á súa corrección, asignándose adecuadamente a especialidade de **OUTROS**.
- **APD Robalo:** Do mesmo xeito que no caso anterior, produciuse un erro informático por parte desta administración, ao introducir de



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complexo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



forma incorrecta o código de rexistro da entidade. Este erro xa foi debidamente corrixido.

No relativo á denominación da sociedade, cómpre sinalar que no censo figura como **SPD Robalo** e non como **APD Robalo**.

Enténdese que esta discrepancia deriva dun erro na xestión por parte do propio club, ao non comunicar a modificación da súa denominación no censo definitivo de sociedades.

Considerando que se trata dun erro mínimo (unha única letra) e que resulta evidente a identidade da entidade, estímase que non procede a revogación da súa candidatura.

- **LISTA DE CANDIDATOS PROVISIONAIS DEPORTISTAS:**

- **Roberto Rioboo Pardo:** Debido a unha interpretación errónea na revisión da candidatura por parte desta administración, na listaxe provisional de deportistas da Coruña asignóuselle a especialidade de **MAR COSTA**, cando na súa solicitude consta correctamente a especialidade de **OUTROS**.

O erro foi xa rectificado nas candidaturas definitivas do estamento de deportistas da Coruña.

- **LISTA DE CANDIDATOS PROVISIONAIS XUÍCES:**

- De conformidade co establecido no artigo 6.3 do Regulamento Electoral 2026, que dispón:

“As persoas membros da federación que pertencen a dous ou máis estamentos no censo provisional deberán optar por un deles mediante escrito dirixido á xunta electoral, que deberá presentarse durante o período de reclamacións ao censo provisional.

No caso de non exercer esta opción, o criterio de adscrición a un único estamento será, por esta orde:

- Entre Entidades Deportivas e Deportistas ou Xuíces, prevalece o estamento de Entidades Deportivas.
- Entre Deportistas e Xuíces, prevalece o estamento de Deportistas.”



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



Tendo en conta que **D. Agustín Martínez Negreira, D. Adrián Naveira de la Cal e D. Bienvenido Barriento Santos** figuran simultaneamente nos estamentos de Deportistas e Xuíces, e en aplicación do criterio de prevalencia establecido, corresponde a súa adscrición ao estamento de Deportistas.

En consecuencia, procédese á anulación das súas candidaturas no estamento de Xuíces.

D. David Criado Taboada:

Tal e como se expón na propia reclamación presentada por **D. David Criado Taboada**, no censo electoral definitivo de entidades deportivas figura **D. Alejandro Pérez Trebolle** como representante legal do club **RIO NEIRA (C-14215)**.

Dado que **D. Alejandro Pérez Trebolle** presentou candidatura no estamento de deportistas, e conforme ao establecido no artigo 6.3 do Regulamento Electoral 2026, que dispón que:

“Entre o censo de Entidades Deportivas e Deportistas ou Xuíces, prevalece o estamento de Entidades Deportivas”, procede a súa adscrición ao estamento de Entidades Deportivas.

En consecuencia, **acórdase a revogación da súa candidatura no estamento de deportistas.**

D. Bienvenido Beivi Barrientos Santos:


Todos os cambios requiridos foron realizados e debidamente reflectidos nas candidaturas definitivas.



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complexo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



A Coruña a 26 de Maio do 2026.



Fdo.:

O presidente da Xunta Electoral,

Fdo. D. Santiago Blanco Ruppen